



## Concello de Boiro

### ANUNCIO

#### RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS – POLICÍA LOCAL (MOBILIDADE)

Por resolución de alcaldía de data 04/01/2022 aprobouse a relación definitiva de persoas admitidas do proceso selectivo dunha praza de policía local (mobilidade):

**“EXPEDIENTE: 1852/2020**

**DOCUMENTO: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

#### RELACIÓN DEFINITIVA ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE POLICÍA LOCAL (FUNCIONARIO DE CARREIRA) – QUENDA MOBILIDADE HORIZONTAL

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de novembro de 2020 aprobáronse as bases que rexen a convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de policía local, funcionario/a de carreira (quenda mobilidade horizontal) correspondente á Oferta de Emprego Público do Concello de Boiro do ano 2019.

As bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 190 de data de 05 de outubro de 2021, na páxina web do concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal) e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, así como o seu anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Con data 14 de outubro de 2021 o BOE publicou o anuncio de dita convocatoria, abrindo o prazo de presentación de solicitudes.

O 18 de novembro de 2021 aprobouse por resolución de alcaldía a relación provisional de persoas admitidas e excluídas. O 24/11/21 o BOP publicou dita resolución, abrindo o prazo de dez días hábiles para a emenda dos posibles defectos e omisións na documentación presentada. Rematado o prazo, non consta presentada ningunha alegación contra o listado provisional de admitidos e excluídos.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobados os requisitos esixidos na base II desta convocatoria, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Por todo canto antecede, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Declarar definitivamente admitidos no concurso convocado por acordo da xunta de goberno local de data de 25 de novembro de 2020, que rexe o procedemento para a provisión en propiedade dunha praza de policía local, funcionario/a de carreira (quenda mobilidade horizontal) ós seguintes aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases que rexen este procedemento:

N.º	DNI	NOME
1	3546	CARLOS VA
2	7686	EMILIO J. F
3	4483	JOSE A. ALV
4	3328	JULIO A. M
5	7677	PEDRO M. AR

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4MTTEYAD6WR6ZP4HTECCYNH | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## Concello de Boiro

---

**Segundo:** Nomear ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, que estará composto polos seguintes membros, aos que se convoca para a valoración de méritos da fase do concurso o día 15 de febreiro de 2022 ás 09.30 horas na sala de xuntas da Casa Consistorial do Concello de Boiro:

Presidente: José Manuel Álvarez López (Suplente: José M. Sánchez Somoza)

Secretario/a: Montserrat Torrado Tarela (Suplente: M<sup>a</sup> Carmen Santiago Hermo)

Vogal 1: José Luís Caamaño Dominguez (Suplente: R. Raúl Frieiro Romero)

Vogal 2: Juan Manuel García Navia (Suplente: Juan M. Maneiro Paz)

Vogal 3: Begoña Del Río Martínez (Suplente: Patricia Vieites Lemos)

**Terceiro.-** Facer pública, mediante a súa inserción na páxina web do concello [www.boiro.org](http://www.boiro.org), no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial e no BOP a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas ca data e lugar de celebración do concurso.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar a oposición se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

**Cuarto.-** Notificar a presente resolución ós membros do Tribunal de Selección e dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

Boiro na data que se indica ó marxe, na sinatura dixital.

O secretario do Concello de Boiro.



Cod. Validación: 4MTTEYAD6WR6FZZPH4TECCYNH | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2